

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**23469** *REAL DECRETO 1218/2002, do 22 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1751/1998, do 31 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios e as súas instrucións técnicas complementarias e se crea a Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios.* («BOE» 289, do 3-12-2002.)

O Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE) e as súas instrucións técnicas complementarias ITE, foi aprobado polo Real decreto 1751/1998, do 31 de xullo.

A reestructuración dos departamentos ministeriais, coa desaparición do Ministerio de Industria e Enerxía, de conformidade co Real decreto 557/2000, do 27 de abril, e o establecemento da estrutura orgánica dos ministerios de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía disposta nos reais decretos 689/2000 e 696/2000, do 12 de maio, respectivamente, fan necesario modifica-la composición da Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios, creada polo Real decreto 1751/1998, do 31 de xullo.

Así mesmo, este real decreto modifica distintas instrucións técnicas complementarias (ITE), atendendo as propostas de fabricantes e usuarios, e tomando en consideración os novos avances tecnolóxicos.

Na tramitación deste real decreto cumpriuse o procedemento de información, en materia de normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas ós servizos da sociedade da información, establecido na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de marzo de 1998, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, e oíronse as comunidades autónomas, as asociacións profesionais e os sectores industriais afectados nas reunións da Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas nos Edificios.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e de Fomento, coa previa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de novembro de 2002,

### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1751/1998.*

Un. Modifícanse os artigos 2, 3 e 4 e as disposicións derradeiras primeira e segunda do Real decreto 1751/1998, do 31 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, que pasan a te-la seguinte redacción:

«Artigo 2. *Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios.*

1. Créase a «Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios» como órgano

colexiado de carácter permanente que dependerá organicamente da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

2. É función específica da comisión asesorar en materias relacionadas coas instalacións térmicas dos edificios, a través das seguintes actuacións:

a) Estudiar e propor novas instrucións técnicas e a revisión das existentes, cando sexa procedente.

b) Estudiar e recoller, se procede, os novos avances das técnicas para o uso racional da enerxía, propondo as modificacións oportunas ós ministerios de Economía e de Fomento, canalizando as propostas que a este respecto formulen as distintas administracións públicas, fabricantes, proxectistas, instaladores, usuarios, mantedores e subministradores de enerxía.

c) Estudia-las actuacións internacionais na materia, e especialmente as da Unión Europea, propondo as correspondentes accións.

d) Analiza-los resultados obtidos na aplicación práctica do regulamento, propondo as medidas e criterios para a correcta interpretación e homoxénea aplicación que, se é o caso, se consideren oportunas.

3. A Comisión Asesora poderá funcionar en pleno e en grupos de traballo. Estes últimos exercerán por razóns de urxencia e operatividade as funcións que o pleno lles delegue. A comisión coñecerá, en pleno, aqueles asuntos e expedientes que, despois de teren sido obxecto de consideración polos grupos de traballo, estime o presidente que deban selo en razón da súa importancia.

4. Para as cuestións non previstas en canto á organización desta comisión, aplicarase o disposto nos artigos 22 e seguintes do capítulo II, do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 3.** *Composición da Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios.*

1. O pleno da Comisión Asesora estará composto polo presidente, dous vicepresidentes, os vocais e o secretario.

2. O presidente será o director xeral de Política Enerxética e Minas, quen poderá ser substituído, en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, por un dos dous vicepresidentes, indistintamente e, no seu defecto, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

3. Os vicepresidentes serán o subdirector xeral de Planificación Enerxética da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía e o subdirector xeral de Arquitectura da Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo do Ministerio de Fomento.

4. Serán vocais da comisión os representantes designados por cada unha das seguintes entidades:

A) Do Ministerio de Economía:

a) Dous representantes da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

b) Un representante do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía.

B) Do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía: dous representantes da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica.

C) Do Ministerio de Fomento:

a) Dous representantes da Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo.

b) Un representante da Secretaría Xeral Técnica.

D) Do Ministerio de Medio Ambiente: un representante da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

E) Do Ministerio de Sanidade e Consumo: un representante do Instituto Nacional de Consumo.

F) Da Administración das comunidades autónomas: un representante de cada comunidade autónoma.

G) Da Comisión Técnica para a Calidade da Edificación: un representante.

H) Doutras entidades ou corporacións:

a) Un representante do Instituto de Ciencias da Construción "Eduardo Torroja".

b) Un representante da Asociación Técnica Española de Climatización e Refrixeración.

c) Un representante de cada unha das organizacións representativas a nivel nacional de cada un dos sectores de proxectistas, fabricantes, instaladores, mantedores, subministradores de enerxía, consumidores e usuarios, segundo o establecido no punto 7.

5. O secretario, quen na súa calidade de membro da comisión actuará con voz e voto, será un funcionario titular dun posto de traballo xa existente na Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía.

6. Os vicepresidentes, o secretario e os vocais do pleno poderán ter un suplente pertencente ó mesmo centro directivo ou unidade.

Os vocais e os seus suplentes serán designados polos respectivos departamentos ministeriais e organismos por proposta dos correspondentes titulares das unidades a que pertencen.

7. As organizacións representativas a nivel nacional poderán participar logo de solicitude dirixida ó presidente, coa opinión favorable do pleno, sempre que a súa participación poida considerarse de utilidade para o desenvolvemento das funcións da comisión.

#### Artigo 4. *Organización da Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edifícios.*

1. A comisión poderá constituír grupos de traballo nas materias que así o requiran, baixo a coordinación dun membro da comisión.

Nos grupos de traballo poderán participar representantes da Administración xeral do Estado e das administracións autonómicas, así como os sectores interesados, a través de expertos designados por

acordo da comisión entre as organizacións representativas a nivel nacional dos sectores de proxectistas e consultores, fabricantes, instaladores, mantedores, subministradores de enerxía e aqueles outros que a comisión considere de utilidade.

2. Á secretaría da Comisión Asesora corresponderalle a organización dos servizos de apoio técnico e administrativo do pleno e dos grupos de traballo, así como levantar acta e convocar as súas sesións cando así o decida o presidente, a xestión do réxime interior da comisión, a compilación e elaboración de estudos e informes para facilitar a toma de decisións pola comisión, a expedición das certificacións dos acordos do pleno, a tramitación e, se é o caso, execución daqueles acordos da comisión e decisións do presidente que se lle encomenden expresamente, a coordinación e apoio administrativo ós grupos de traballo e as funcións do rexistro, arquivo, documentación e demais servizos similares que sexan precisos para o normal desenvolvemento das tarefas da Comisión Asesora e os seus grupos de traballo.

3. Sen prexuízo das particularidades previstas nesta disposición, os procedementos de designación de representantes, de funcionamento e de toma de decisións do pleno e dos grupos de traballo, axustaranse ó disposto no artigo 26 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Corresponderalle ó pleno da Comisión Asesora a aprobación do regulamento de réxime interior desta.

O pleno reunirse como mínimo unha vez ó ano, por convocatoria do seu presidente, ou pola petición de, alomenos, tres dos seus membros. Os grupos de traballo reuniranse coa periodicidade que estableza o seu respectivo coordinador.

O funcionamento da Comisión Asesora será atendido cos actuais medios de persoal e de material da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e non suporá incremento ningún de gasto público.»

«Disposición derradeira primeira. *Actualización de relación de normas UNE.*

Autorízase o ministro de Economía para que actualice a relación de normas UNE que figura na correspondente instrución técnica complementaria, de acordo coa evolución da técnica e, se é o caso, en aplicación da normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Economía e de Fomento para que conxuntamente, ou no ámbito das súas respectivas competencias, e o ministro de Ciencia e Tecnoloxía no ámbito de materia de seguridade industrial, dicten as disposicións necesarias para a execución do disposto neste real decreto e nos seus anexos, así como para a actualización e revisión das instrucións técnicas complementarias ITE.»

Dous. Modifícanse as instrucións técnicas complementarias: 02.2.2, 02.4.7, 02.6.2, 02.6.3, 02.8.1, 02.8.4, 02.8.5, 02.8.7, 02.11.2.2, 02.11.2.3, 02.11.4, 02.12, 02.14, 03.5, 06.2.1, 08.1.2 e 09.4 do Regula-

mento de instalacións térmicas nos edificios segundo a redacción do anexo deste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós tres meses da data da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

**ANEXO**

I. ITE 02.2.2:

Modifícase o parágrafo 2.º coa seguinte redacción:

«A ventilación mecánica adoptárase para os sistemas de acondicionamento de aire, sendo recomendable para os sistemas deseñados para controlar unicamente as condicións térmicas como son os de calefacción e refrixeración.»

II. ITE 02.4.7:

Modifícase a instrucción, que queda coa nova redacción:

«O aire de ventilación que deba ser expulsado ó exterior, por medios mecánicos, pode empregarse para o pretratamento térmico do aire novo que se achegue desde o exterior.

Cando o caudal de aire de renovación dun subsistema de climatización sexa maior que 3 m<sup>3</sup>/s e o seu réxime de funcionamento superior a 1.000 horas anuais de utilización do local ou zona que se vai climatizar, deseñarase un sistema de recuperación da enerxía térmica do aire expulsado ó exterior por medios mecánicos, cunha eficiencia mínima, en calor sensible, do 45 por 100 referida ó aire exterior, nas condicións extremas de deseño de verán.»

III. ITE 02.6.2:

Modifícase a instrucción, que queda coa nova redacción:

«As centrais de produción de calor equipadas con xeradores de tipo estándar cumprarán con estes requisitos:

1. Se a potencia térmica da central é maior que 400 kW instalanse dous ou máis xeradores de calor.

2. Para centrais con potencia térmica igual ou menor de 400 kW e con servicios de calefacción e de auga quente sanitaria dispórase dun xerador de calor dedicado a este último servizo, salvo cando a potencia demandada por este servizo se adecue, dentro dunha marxe do  $\pm 10$  por 100, á potencia do primeiro grao do queimador dun único xerador de calor para ámbolos dous servizos.

Os xeradores atmosféricos de gas de tipo modular consideraranse como un único xerador de calor a non ser que dispoñan dun sistema automático de independización do circuíto hidráulico, de tal xeito que se consiga a parcialización do conxunto.

A regulación dos queimadores alimentados por combustibles líquidos ou gasosos en función da potencia do xerador será, como mínimo, a indicada na táboa 4.

Táboa 4. *Regulación de queimadores*

Potencia do xerador de calor kW	Regulación do queimador
$P < 70$ $70 \leq P < 400$ $400 \leq P$	Unha marcha. Dúas marchas. Tres marchas ou modulante.

IV. ITE 02.6.3:

Modifícase o parágrafo 1.º coa seguinte redacción:

«Cando se utilice maquinaria frigorífica de parcialización graduada, o número mínimo de puntos de parcialización que debe disporse é o indicado en UNE 86609, independentemente do tipo de accionamento.»

V. ITE 02.8.1:

Modifícase o parágrafo 2.º coa nova redacción:

«As conexións entre tubaxes e equipos, con motor de potencia maior que 3 kW efectuaranse mediante elementos flexibles.»

VI. ITE 02.8.4:

Modifícase a instrucción coa nova redacción:

«Os circuítos pechados de auga ou solucións acuosas estarán equipados dun dispositivo de expansión de tipo pechado.»

VII. ITE 02.8.5:

Modifícase o parágrafo 3.º coa nova redacción:

«Sen embargo, nos tendidos de gran lonxitude, tanto horizontais coma verticais, compensaranse os movementos das tubaxes mediante compensadores de dilatación ou cambios de dirección.»

VIII. ITE 02.8.7:

Modifícase a instrucción, coa nova redacción:

«As bombas de máis de 1,5 kW de potencia e as válvulas automáticas de diámetro maior que DN 20 deberán protexerse por medio de filtros de malla ou tea metálica situados augas arriba do elemento que se vai protexer.

Nos outros casos, dispórase dun filtro en cada circuíto independente, de paso de malla adecuado para protexer, entre outras, as válvulas de regulación das unidades terminais.»

IX. ITE 02.11.2.2:

Modifícase a instrucción, coa nova redacción:

«En instalacións de calefacción dotadas de radiadores ou convectoros dispórase, para cada circuíto de zona do edificio, un sistema centralizado para control da temperatura da auga en función da temperatura exterior e válvulas termostáticas en todos os radiadores situados nos locais da vivenda,

exceptuando locais como aseos, cuartos de baño, cociñas, vestíbulos e corredores.

En instalacións de climatización do tipo todoauga, deben disporse os controis seguintes:

1. Para auga refrixerada: temperatura fixa.
2. Para auga quente en instalacións equipadas de:

a) Caldeiras de baixa temperatura e caldeiras de condensación: temperatura en función da temperatura exterior na auga que circula nas caldeiras, co límite inferior indicado polo fabricante.

b) Caldeiras convencionais: temperaturas en función da temperatura exterior soamente nos circuitos secundarios.

c) Bombas de calor: temperatura fixa ou variable en función da temperatura exterior.

3. Para auga de circuitos pechados do foco frío e quente das bombas de calor auga-aire: temperatura mantida entre dous límites establecidos en proxecto.

Cada unidade terminal terá un dispositivo de control da temperatura do ambiente e outro para a regulación da velocidade do ventilador, de dúas marchas como mínimo (todo-pouco-nada).

No tramo de acometida destas instalacións instalarase un dispositivo de regulación todo-nada controlado por un programador horario ou unha sonda de temperatura, ademais dos dispositivos de contabilización de consumo ós que se refire o punto 02.13, precedidos ámbolos dous por un filtro, e válvulas de corte, unha delas precintable, que permita a interrupción do servizo a cada vivenda desde o exterior desta.»

#### X. ITE 02.11.2.3:

Modifícase o parágrafo 1.º coa redacción:

«Para efectos desta prescrición, considérase colectiva toda instalación dunha potencia térmica maior ou igual que 70 kW e que atenda a máis dun subsistema ou zona, aínda que o edificio dea servizo a unha soa unidade de consumo.»

#### XI. 02.11.4:

Modifícase a instrucción, coa redacción:

«No circuito de ventilación mecánica de salas de máquinas instalarase un detector de fluxo ou un presóstato diferencial, ámbolos dous de rearme manual, que actúen sobre a acometida eléctrica á sala.

Nos circuitos primarios de caldeiras e plantas enfriadoras de auga instalarase un presóstato diferencial ou un detector de fluxo que actúe cortando a acometida eléctrica do xerador cando non exista circulación de auga.

Quedan excluídos desta esixencia os xeradores de calor para os cales o fabricante garante que existe unha circulación interna.»

#### XII. ITE 02.12:

Modifícase o parágrafo 9.º coa redacción:

«En instalacións de potencia térmica maior ou igual que 70 kW, o equipamento mínimo de aparellos de medición, indicadores ou rexistradores, será o seguinte:

- a) Colectores de retorno: un termómetro.

b) Vasos de expansión pechados: un manómetro.

c) Aparellos de transferencia térmica de refrixerante, gases de combustión, vapor, etc., a un fluído portador líquido: un termómetro disposto no punto de entrada e outro no de saída do fluído portador.

d) Chemineas: un pirómetro (ou piróstato con indicador).

e) Intercambiadores de maquinaria frigorífica: un manómetro para lectura diferencial.

f) Circuitos secundarios de distribución dun fluído portador: un termómetro disposto na impulsión e outro no retorno.

g) Bombas: un manómetro para lectura diferencial.

h) Baterías de transferencia térmica de unidades de tratamento de aire: instalar puntos de medida para utilizar con instrumental portátil ou sensores fixos.

i) Válvulas automáticas de regulación: tomas para a medida da perda de presión en válvulas de diámetro maior que DN 50.

j) Recuperadores de calor: termómetros dispostos nas entradas e saídas dos fluídos.

k) Unidades de tratamento de aire: un termómetro de capilar disposto á entrada do aire de retorno e outro á saída do aire de impulsión, en unidades de máis de 3 m<sup>3</sup>/s.»

#### XIII. ITE 02.14:

Modifícase a instrucción, coa redacción:

«Poderán conectarse a un mesmo conducto de evacuación de fumes varios xeradores, cando a suma das súas potencias nominais non supere 400 kW.

Cando non sexa posible o seu cumprimento en reformas, xustificarse a solución adoptada, analizando o comportamento da cheminea nas diferentes condicións de carga.»

#### XIV. ITE 03.5:

Modifícase o parágrafo 8.º coa redacción:

«En caso de non adoptarse a ventilación mecánica (p.e.: en sistemas de calefacción) estimarase o número de renovacións horarias en función do uso dos locais, da súa exposición ós ventos e da estanquidade dos ocos exteriores.»

#### XV. ITE 06.2.1:

Modifícase o parágrafo 9.º coa redacción:

«Os filtros de malla metálica postos para protección das bombas poderanse retirar cando se comprobe que foi completada a eliminación das partículas máis finas que pode rete-la trama da malla.

Sen embargo, os filtros para protección das válvulas automáticas, contadores, etc. deixaranse permanentemente no seu sitio.»

#### XVI. ITE 08.1.2:

Modifícanse os parágrafos 1.º e 5.º coa redacción:

«Toda instalación con potencia térmica instalada maior ou igual que 70 kW queda suxeita ó especificado nesta instrucción técnica.

As instalacións cunha potencia térmica instalada que sexa menor que 70 kW deben ser mantidas

de acordo coas instrucións do fabricante dos equipos compoñentes.»

XVII. ITE 09.4:

Modifícase o parágrafo 5.º coa redacción:

«Instalarase un dispositivo manual de parada do xerador, nun lugar accesible.

As instalacións estarán dotadas dun sistema de regulación cun termóstato ou cun regulador, actuando polo sinal dunha sonda de temperatura situada no local de maior carga térmica.

Instalaranse válvulas termostáticas en tódolos radiadores, non sendo preceptivo nos situados en locais como aseos, cuartos de baño, cociñas, vestíbulos, corredores e por suposto, nos do local dotado da sonda de temperatura de regulación xeral.»

**23470** *REAL DECRETO 1219/2002, do 22 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuicultura con destino ó consumo humano.* («BOE» 289, do 3-12-2002.)

O Real decreto 1193/2000, do 23 de xuño, polo que se completa o anexo IV do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuicultura con destino ó consumo humano, en aplicación do punto 3 do artigo 5 do Regulamento (CEE) número 1536/92, do 9 de xuño de 1992, polo que se aproban as normas comúns de comercialización para as conservas de atún e bonito, autoriza a denominación «atún claro» unicamente para as conservas esterilizadas termicamente da especie de atún «Thunnus albacares» (atún amarelo ou yellowfin), completando o anexo IV do Real decreto 1521/1984.

Así mesmo, en virtude da facultade conferida polo citado regulamento, pode darse que noutros estados membros, ou nos estados que forman parte do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, se encontren recoñecidas legalmente baixo a mesma denominación «atún claro» conservas de atún elaboradas con especies diferentes da recoñecida en España.

En consecuencia, e co obxecto de evitar crear obstáculos á libre circulación de mercadorías, procede establecer as medidas necesarias para que os ditos produtos poidan comercializarse en España coa denominación prevista polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas aplicables no país do cal son orixinarios, sempre que esta se complete coa indicación da especie de que se trate, de xeito que lle permita ó comprador coñecer a súa natureza real e distinguilo dos produtos cos cales podería confundirse.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados, emitindo informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

O disposto neste real decreto ten carácter de normativa básica estatal, ó amparo do disposto polo artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de novembro de 2002,

DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuicultura con destino ó consumo humano.*

Introdúcese unha disposición adicional no Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, coa seguinte redacción:

«Os requisitos desta regulamentación non se aplicarán ós produtos legalmente fabricados ou comercializados de acordo co Regulamento (CEE) número 1536/92, do 9 de xuño de 1992, nos outros estados membros da Comunidade Europea nin ós produtos orixinarios dos países da AELC, partes contratantes no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo (EEE).

Estes produtos, sempre que non impliquen risco para a saúde, no sentido do disposto no artigo 30 do Tratado CE, ou no artigo 13 do Acordo sobre o EEE, poderán comercializarse en España coa denominación prevista polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas que lles son aplicables no estado membro da Comunidade do que proceden, ou no país da AELC parte contratante no Acordo EEE do cal son orixinarios, que deberá completarse co nome científico da especie de que se trate, de xeito que lle permita ó comprador coñecer a súa natureza real e distinguilo dos produtos cos cales podería confundirse.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**23569** *ORDE TAS/3043/2002, do 3 de decembro, pola que se dictan normas para a aplicación do disposto no artigo 5 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», no que se refire a bonificacións no pagamento de cotas á Seguridade Social.* («BOE» 290, do 4-12-2002.)

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque